

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIANXO E O PÓSITO DE PESCADORES DE RIANXO

En Rianxo, a dezanove de decembro de dous mil vintecinco.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE, D. Julián Bustelo Abuín, con DNI 53795465Y, na súa calidade de alcalde do Concello de Rianxo (NIF P1507300J), con enderezo na Praza Castelao s/n de Rianxo.

DOUTRA, D. Miguel Ángel Iglesias Romero, con DNI 52932262Q, na súa calidade de patrón maior do Pósito de Pescadores de Rianxo (NIF G15032642).

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para establecer o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN

- 1.- Que o Concello de Rianxo e o Pósito de Pescadores de Rianxo (en adiante, Confraría) comparten responsabilidades na limpeza e axeitada conservación das praias do municipio. Por parte da administración local, o interese xorde do uso turístico de ditos espazos por parte da veciñanza e das persoas que visitan o municipio, en consonancia coas competencias atribuídas no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, así como pola preservación dos seus valores medio ambientais. Por parte do Pósito de Pescadores de Rianxo o interese é manter as condicións idóneas para a cría e desenvolvemento das especies de interese comercial, principalmente os bivalvos (ameixas, berberechos, etc.).
- 2.- Que a Confraría dispón de tractores e máquina para a limpeza de praias axeitada para a limpeza de restos orgánicos e do lixo que se acumula nas praias. Asemade, conta con embarcacións adicadas permanentemente á vixilancia e protección dos recursos pesqueiros, marisqueiros e de acuicultura nas autorizacións administrativas adxacentes á costa e ao termo municipal do municipio de Rianxo.
- 3.- Que tanto a Confraría como o Concello de Rianxo realizan tarefas de limpeza, mantemento e vixilancia das praias e veñen participando – conxuntamente – na organización e colaboración en eventos deportivos e culturais relacionados co mundo marítimo.
- 4.- Que o Concello de Rianxo procede á limpeza das praias durante os meses de verán, incluídas as concesións administrativas, para a súa explotación marisqueira a nome da Confraría.
- 5.- Que a Confraría realiza tarefas de limpeza noutras épocas do ano e establece quendas de

vixilancia dos bancos marisqueiros, con especial protección dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

6.- Que tanto o Concello de Rianxo como a Confraría dispoñen de espazos cubertos para a celebración de actividades de formacións, divulgación, etc.

Con base nos antecedentes expostos, as partes formalizan este convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto plasmar as condicións polas cales se levará a cabo a colaboración entre o Concello de Rianxo e o Pósito de Pescadores de Rianxo.

O obxecto da colaboración consiste, fundamentalmente:

1. Na cesión ao Concello de Rianxo, por parte do Pósito de Pescadores de Rianxo, de maquinaria para o desenvolvemento de tarefas de competencia municipal.
2. Colaboración entre ambas partes en actuacións nas que ambas comparten intereses e competencias.
3. Outorgamento dunha subvención nominativa á Confraría de Pescadores por parte do Concello de Rianxo, de acordo coa base 27ª das Bases de Execución do Orzamento (BEO) para 2025. O seu importe neste exercicio ascende a 10.000 €:

Entidade beneficiaria	COFRADÍA DE PESCADORES VIRXE DO CARME
NIF	G15032642
Obxecto da subvención	Actividades de promoción dos produtos do mar. Colaboración na limpeza e vixilancia dos areais do municipio. Rexeneración dos bancos marisqueiros.
Importe da subvención	10.000,00
Coefficiente de financiamento	1
Importe do anticipo pre-pagable	10.000,00
Aplicación orzamentaria	433.48990
Réxime de pagamentos	Tras a aprobación da conta xustificativa

As condicións e prestacións recíprocas contidas no presente texto non teñen carácter contractual, toda vez que os pactos aquí acordados teñen como obxectivo a consecución dun obxectivo común en base ás competencias e intereses municipais e á actividade propia da Confraría.

SEGUNDA.- En relación ao ámbito da colaboración prevista nos puntos 1 e 2 da cláusula PRIMEIRA, a Confraría comprométese ao seguinte:

1. A autorizar ao Concello de Rianxo o uso da maquinaria destinada ao servizo de limpeza de praias do termo municipal e outros para as que sexa un recurso axeitado, sempre que se trate de servizos de competencia municipal.

Maquinaria:

- Tractor de matrícula E5331BHR.

- Máquina limpadora de praias, marca BARBER SURF RAKE, MOD. 600HD.

2. A autorizar ao Concello de Rianxo ao uso dos espazos dos que dispón e que resulten axeitados para a execución de actividades de formación ou divulgación relacionadas coa actividade da Confraría. O Concello deberá presentar a súa solicitude no rexistro de entrada da Confraría e a autorización desta debe ser expresa. O Concello de Rianxo será responsable das interrupcións, avarías, danos, accidentes e negligencias que se produzan no desenvolvemento das ditas actividades.

3. A colaborar e por a disposición do Concello de Rianxo o persoal e as embarcacións necesarias para a organización de eventos ou acontecementos deportivos ou culturais, na medida que a lexislación o permita, para o mellor desenvolvemento das actividades municipais.

4. A entregarlle ao Concello de Rianxo calquera comunicación ou notificación das administracións competentes que afecten ao normal desenvolvemento deste convenio.

TERCEIRA.- Pola súa banda, o Concello de Rianxo asume os seguintes compromisos en relación aos apartados 1 e 2 da cláusula PRIMEIRA deste convenio:

1. Asumir os gastos derivados da utilización e do mantemento axeitado da maquinaria propiedade da Confraría que se empregue por parte do persoal municipal, entre eles, o seguro e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).

2. O Concello de Rianxo está obrigado a conservar a dita maquinaria en perfecto estado de uso, limpeza, hixiene e ornato, debendo anunciar á Confraría as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisa, aínda debendo ser asumidas polo Concello de Rianxo.

3. O Concello de Rianxo garantirá o cumprimento da lexislación laboral vixente en relación ás persoas que utilicen a maquinaria propiedade da Confraría.

4. O Concello de Rianxo comprométese a xestionar e obter as autorizacións necesarias, de ser o caso, para desenvolver as actividades ás que se refire o presente convenio.

5. O Concello de Rianxo destinará os recursos humanos, técnicos e materiais máis axeitados e cualificados para o uso da maquinaria.

6. O Concello responderá con carácter preferente, inmediato e exclusivo dos danos e prexuízos ocasionados, e asumirá cantas responsabilidades lle poidan corresponder diante doutras

Administracións ou de terceiros prexudicados polo desenvolvemento das actividades ás que se refire o presente convenio.

7. O Concello de Rianxo non poderá ceder o uso da maquinaria propiedade da Confraría a ningún terceiro sen o consentimento expreso da Confraría nin destinala a un uso diferentes das actividades ás que se refire o presente convenio.

8. O Concello de Rianxo cederá os espazos públicos dos que dispón para as actividades que a Confraría precise, previa presentación da solicitude por rexistro de entrada e autorización municipal expresa.

9. No exercicio 2025, o Concello de Rianxo concederá unha axuda nominativa por importe de 10.000€ á Confraría. A tramitación da axuda farase de acordo cos formularios que se anexan e ao recollido nos mesmos.

CUARTA.- Impacto económico.

Os gastos derivados da formalización deste convenio imputaranse ao programa de gastos 9203 *Brigada de obras e servizos*, e ao concepto económico que corresponda, en función da natureza do gasto. A previsión do gasto de seguro e IVTM non acada os 500 € anuais.

No caso da subvención nominativa, consta o crédito na aplicación orzamentaria 433.48990 polo importe de 10.000 €.

QUINTA.- A Confraría asume as seguintes obrigas en relación á subvención nominativa:

1. Solicitar a subvención e presentar todos os modelos requiridos para elo, e que figuran no anexo deste convenio, tanto para a concesión da axuda, como para a súa xustificación. Os termos da subvención están previstos na cláusula PRIMEIRA.

2. De acordo co artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Confraría poderá subcontratar ata o 100 por cento da realización das actividades subvencionadas.

3. No caso de o custo dalgunha contratación supere os importes previstos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, para os contratos menores, a Confraría deberá acreditar a solicitude previa á contratación dun mínimo de tres ofertas a diferentes provedores, de acordo co artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. No momento da formalización deste convenio, os contratos suxeitos a esta condición son os de servizos e subministracións cun importe igual ou superior a 15.000 €, sen IVE.

No caso de que a elección non recaese na oferta máis vantaxosa economicamente, deberase xustificar expresamente nunha memoria con criterios de economía e de eficiencia.

4. A Confraría someterase ás actuacións de actuación de comprobación e control financeiro que

se efectúen polo Concello de Rianxo e/ou pola súa Intervención, para o cal achegará canta información se lle requira.

5. Dispoñerá dos libros contables e cantos estados contables e rexistros específicos lle esixa a normativa sectorial de aplicación.
6. Adoptará as medidas de publicidade do carácter público do financiamento das actuacións, mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Rianxo ou da lenda relativa ao financiamento por este, en carteis, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, e/ou en mencións realizadas nos medios de comunicación.
7. Realizar as actividades obxecto de subvención e xustificar a subvención concedida.

SEXTA.- O Concello de Rianxo comprométese ao seguinte, en relación á subvención nominativa:

1. O Concello de Rianxo realizará o pago da subvención, tras a aprobación da conta xustificativa.
2. O Concello de Rianxo deberá publicar a concesión da subvención na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

1. Son subvencionables os gastos de persoal, os derivados da adquisición de bens non inventariables e de servizos derivados das actividades obxecto de subvención. O IVE será subvencionable sempre que non sexa recuperable. Deberá emitirse un informe por parte da persoa con responsabilidades contables na Confraría.
2. Xustificación dos gastos de persoal: no caso de que o persoal contratado participase de forma directa no desenvolvemento dunha actividade obxecto de subvención, poderán xustificarse os seus gastos de persoal na porcentaxe de dedicación da súa xornada. Para elo deberá presentarse:
 - a) Un informe xustificativo da porcentaxe de dedicación e os cálculos da súa aplicación ás retribucións e seguros sociais do persoal afectado.
 - b) Copia das nóminas do persoal, xunto coa acreditación do seu pago.
 - c) Documentos da liquidación dos seguros sociais, coa acreditación do seu pago.
 - d) Relación nominativa de traballadores (RNT), na que figure o persoal afectado.
3. O Concello de Rianxo verificará de oficio se a Confraría se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias con este.
4. Corresponderá a redución da subvención concedida nos seguintes supostos:

- a) No caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao importe da subvención. Neste caso, minorarase a subvención no importe necesario para igualar o gasto debidamente xustificado.
- b) No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado. Neste caso, minorarase a achega municipal no importe necesario para igualar o total de ingresos co total de gastos xustificadas correctamente.

En ningún caso terán a condición de ingresos específicos as cotas ordinarias dos socios destinadas a cubrir os gastos de funcionamento e estrutura da asociación.

OITAVA.- Vixencia do convenio.

O presente convenio terá unha duración de un ano. Non obstante, en calquera momento antes da finalización deste prazo, as partes asinantes do convenio poderán acordar unha prórroga por un período adicional máximo de ata 4 anos, ou a súa extinción.

NOVENA.- Comisión de seguimento.

Tras a sinatura do convenio constituirase unha Comisión de Seguimento, que se terá como cometidos o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Estará composta por dous representantes do concello e dous representantes da Confraría, tendo a presidencia o alcalde de Rianxo. O seu funcionamento non suporá ningún incremento do gasto público.

DÉCIMA.- Causas de resolución.

Son causas de resolución as seguintes:

1. O transcurso do tempo sinalado sen que se renove o convenio.
2. Se así o acordan as partes.
3. O incumprimento por do acordado por algunha das partes.
4. Causas sobrevidas que imposibiliten o cumprimento das cláusulas.
5. Por decisión xudicial ou administrativa que declare a nulidade do convenio.

Son causas de resolución específicas da subvención nominativa:

1. O incumprimento das cláusulas deste convenio.
2. A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
3. A falta de xustificación nos termos indicados neste convenio.
4. Os restantes supostos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.- Réxime xurídico aplicable.

1. Este convenio ten carácter administrativo e réxese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das entidades do Sector Público e demais normativa administrativa de desenvolvemento e da Administración Local
2. En canto á subvención, este convenio réxese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza de Subvencións do Concello de Rianxo (BOP núm. 234, do 10 de decembro de 2013) e as Bases de Execución do Orzamento. No non previsto nesta normativa, aplicarase a lexislación administrativa de carácter básico.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data indicados supra.

O alcalde do Concello de Rianxo

Julián Bustelo Abuín

O presidente do Pósito de Pescadores de Rianxo

Miguel Ángel Iglesias Romero

A secretaria municipal

Patricia Sánchez Castelo





SOLICITUDE**DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:**

Nome e apelidos	
DNI	
Domicilio	
Municipio	
Teléfono	
Dirección electrónica	

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	
Domicilio	
Municipio	
Teléfono	
Dirección electrónica	
Número do rexistro de asociacións (non é obrigatorio)	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Rianxo para a promoción e dinamización do comercio rianxeiro SOLICITO

1. A concesión dunha subvención para a realización da/s actividade/s que se indican a continuación:

Actividade	
Importe da actividade	
Importe solicitado	

2. Que o pagamento da axuda se realice na seguinte conta bancaria (no caso de que se trate dunha nova conta bancaria, deberá achegarse un certificado de titularidade da conta bancaria expedido e asinado pola entidade financeira):

CODIGO BIC OU SWIFT (8 ou 11)	
-------------------------------	--

caracteres)																				
IBAN E CONTA BANCARIA	E	S																		

DOCUMENTACIÓN ANEXA:

- ☐ Anexo I Proxecto. Non é preciso presentalo se se presenta conxuntamente a solicitude de subvención e a conta xustificativa.
- ☐ Anexo II Orzamento. Non é preciso presentalo se se presenta conxuntamente a solicitude de subvención e a conta xustificativa.
- ☐ Anexo III Declaración responsable correspondente á solicitude de subvención.
- ☐ Anexo IV Certificación dos cargos da entidade.
- ☐ DNI do/a presidente/a. No caso de telo presentado no concello, indicar en que expediente (dos últimos 5 anos). EXPEDIENTE _____ ANO _____
- ☐ DNI do/a secretario/a. No caso de telo presentado no concello, indicar en que expediente (dos últimos 5 anos). EXPEDIENTE _____ ANO _____
- ☐ CIF da entidade. No caso de telo presentado no concello, indicar en que expediente (dos últimos 5 anos). EXPEDIENTE _____ ANO _____
- ☐ Anexo V Declaración responsable correspondente á conta xustificativa.
- ☐ Anexo VI Certificación dos ingresos e gastos das actividades subvencionadas.
- ☐ Facturas e/ou outros documentos xustificativos.
- ☐ Publicidade da colaboración do Concello de Rianxo.
- ☐ Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no seu caso.
- ☐ Outros: _____

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO I - PROXECTO**DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE***(Explicación das actividades, medios utilizados, temporalización, experiencias anteriores, etc.)***OBXECTIVOS A ACADAR COAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS***(Explicación dos obxectivos a curto e longo prazo, como se miden, cando se entenden acadados, etc.)*

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO II – ORZAMENTO DA ACTIVIDADE E DECLARACIÓN DE AXUDAS

INGRESOS PREVISTOS		GASTOS PREVISTOS	
CONCEPTO ¹	IMPORTE (€)	CONCEPTO	IMPORTE (€)
Cotas da entidade		Gastos de persoal	
Subvencións	Solicitada ao concello		
	Deputación Provincial	Gastos de profesionais (detallar)	
	Xunta de Galicia		
	Outras		
Outros ingresos (detallar)		Gastos de subministracións (detallar)	
		<i>Non se inclúen investimentos</i>	
Contribución propia		Gastos de servizos (detallar)	
-			
-			
(A) Ingresos totais		(B) Gastos totais	

(A) Ingresos totais	
(B) Gastos totais	
(C) = (A) - (B) Equilibrio/déficit	

Así mesmo, DECLARO

Que a entidade por min representada solicitou as seguintes axudas para a mesma actividade para a que se solicita subvención (marcar cunha X a opción seleccionada):

☐ A entidade non obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

☐ A entidade obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

Organismo concedente	Obxecto	Importe solicitado	Importe concedido

No caso de que non se resolverse a solicitude de subvención, deberá indicarse *Pendente*.
 As subvencións deben reflectirse nos ingresos certificados na táboa do apartado 1 deste anexo.

Rianxo, _____
 O/a presidente/a _____

¹ Ver Anexo de información – gastos subvencionables

ANEXO III - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE PARA A SOLICITUDE DE CONCESIÓN DA AXUDA

DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	
Dirección	
Municipio	
Teléfono	
Dirección electrónica	

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	
Número do rexistro de asociacións (non é obrigatorio)	

En relación ao proxecto para o cal solicito unha subvención do Concello de Rianxo ao amparo da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo para o seu acceso á condición de beneficiaria de unha subvención ao amparo da convocatoria indicada, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incursos en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha subvención pública, de acordo co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que todas as persoas encargadas da realización da/s actividade/s ou proxecto/s, cuxas tarefas implican un contacto regular con menores, cumpren o requisito establecido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.
- Que non obstante o anterior, para a tramitación desta solicitude (marcar cunha X a opción

seleccionada):

_____ AUTORIZO ao Concello de Rianxo para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Neste caso, se a subvención solicitada é igual ou superior aos 3.000 €, deberá achegarse igualmente o certificado de estar ao corrente coa Atriga, xa que o Concello de Rianxo non dispón de medios para consultar a dita información.

_____ NON AUTORIZO ao Concello de Rianxo para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

No caso de oporse á comprobación deberá acercar a documentación necesaria para a xestión do trámite.

- Que a entidade representada por min comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Rianxo nos diferentes soportes (comunicacións, cartelería, material, redes sociais, vestimenta, etc.) a través da súa imaxe corporativa.
- Que a entidade representada por min se somete á actuacións de comprobación e á aportación da documentación que o Concello de Rianxo poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de serlle concedida, si corresponden cos fins para os que se solicita.

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO IV - CERTIFICACIÓN DE CARGOS DA ENTIDADE**DATOS DA ENTIDADE:**

Nome	
CIF	
Número do rexistro de asociacións (non é obrigatorio)	

DATOS DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	

CERTIFICO

Que o órgano competente da entidade acordou os seguintes nomeamentos na sesión que se indica:

PRESIDENTE/A	
Nome e apelidos	
DNI	

SECRETARIO/A	
Nome e apelidos	
DNI	

Órgano que adoptou o acordo	
Data do acordo	

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a secretario/a, _____

Visto e praxe, o/a presidente/a _____

ANEXO V - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE PARA A XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA**DATOS DA ENTIDADE:**

Nome	
CIF	

DATOS DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	

DECLARO:

- Que se executaron as actividades financiadas coa subvención concedida polo Concello de Rianxo para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións comerciais ou profesionais, ao amparo da convocatoria correspondente e que se acadaron os obxectivos propostos.

DETALLE NUMERADO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

(Explicación das actividades, datas, medios utilizados, temporalización, publicidade das accións e da colaboración do concello, etc.)

1.
2.
3.

OBXECTIVOS ACADADOS COAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS

(Explicación dos obxectivos a curto e longo prazo, como se miden, cando se entenden acadados, etc.)

1.
2.

OBJECTIVOS ACADADOS COAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS*(Explicación dos obxectivos a curto e longo prazo, como se miden, cando se entenden acadados, etc.)*

3.

- Que a entidade representada por min está ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo para o seu acceso á condición de beneficiaria de unha subvención ao amparo da convocatoria indicada, comprometéndose a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- Que non obstante o anterior, (marcar cunha X a opción seleccionada):

_____ AUTORIZO ao Concello de Rianxo para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

_____ NON AUTORIZO ao Concello de Rianxo para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Neste caso, se a subvención solicitada é igual ou superior aos 3.000 €, deberá achegarse igualmente o certificado de estar ao corrente coa Atriga, xa que o Concello de Rianxo non dispón de medios para consultar a dita información.

No caso de oporse á comprobación deberá acercar a documentación necesaria para a xestión do trámite.

- Que a entidade representada por min fixo constar a colaboración do Concello de Rianxo nos diferentes soportes (comunicacións, cartelería, material funixble, redes sociais, etc.) a través da súa imaxe corporativa.

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a presidente/a _____

ANEXO VI – CERTIFICACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

DATOS DA ENTIDADE:

Nome	
CIF	

DATOS DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE:

Nome e apelidos	
DNI	

Como secretario/a da entidade arriba indicada, CERTIFICO

1. Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos efectivamente realizado pola entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:

INGRESOS REALIZADOS		GASTOS REALIZADOS	
CONCEPTO ²	IMPORTE (€)	CONCEPTO	IMPORTE (€)
Cotas da entidade		Gastos de persoal	
Subvencións	Solicitada ao concello		
	Deputación Provincial	Gastos de profesionais (detallar)	
	Xunta de Galicia		
	Outras		
Outros ingresos (detallar)		Gastos de subministracións (detallar)	
		<i>Non se inclúen investimentos</i>	
Contribución propia		Gastos de servizos (detallar)	
-			
-			
-			
(A) Ingresos totais		(B) Gastos totais	

(A) Ingresos totais	
(B) Gastos totais	
(C) = (A) - (B) Equilibrio/déficit	

2 Ver Anexo de información - gastos subvencionables

2. Que a relación de facturas e documentos equivalentes, seleccionados para xustificar a axuda concedida, é a que segue:

Nº orde	Actividade (*)	Expedidor da factura (CIF)	Nº de factura	Data factura	Data pago	Concepto	Importe
Total gastos							

(*) Sinalarase a actividade realizada coa que se corresponde das enumeradas no anexo V

O importe *Total gastos* debe ser igual ou superior á suma das subvencións públicas concedidas que financian a actividade.

O importe dos conceptos facturados incluídos na relación debe figurar no cadro de ingresos e gastos do apartado 1 deste anexo.

3. Detalle dos ingresos que financiaron a actividade (marcar cunha X a opción que corresponda):

___ A entidade non obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

___ A entidade obtivo ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Rianxo.

Organismo concedente	Obxecto	Importe solicitado	Importe concedido

No caso de que non se resolverse a solicitude de subvención, deberá indicarse *Pendente*.

As subvencións deben reflectirse nos ingresos certificados na táboa do apartado 1 deste anexo.

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar a documentación xustificativa indicada na convocatoria.

Rianxo, _____ de _____ 2025.

O/a secretario/a _____

Visto e prace, o/a presidente/a _____



Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.

Ademais, a entidade beneficiaria deberá cumprir coa obriga-
ción de manter a documentación necesaria para a verificación da
actuación do proxecto.